

## PROPOSTAS DE XOGO PARA O TRABALLO DO ESQUEMA CORPORAL

- Para introducir o tema das partes do corpo, podemos cantar e bailar, visionar ou escoitar algunhas cancións sobre os dedos ou as mans (a canción dos dedos, por exemplo, "El gordito, el gordito, idónde estás?") ou en youtube os temas de Mamá Cabra:
  - "Coas miñas mans" <https://www.youtube.com/watch?v=aRyo-BK9rdA>
  - "Imos bailar" <https://www.youtube.com/watch?v=5kPsKzd6Kn8>
- Falamos e preguntámoslles que cousas se poden facer coas mans, incluso podemos rexistralo nun listado para recoller as ideas, por exemplo: batir ovos, aplaudir, regar as plantas, peitearse, lavarse na ducha, fregar a louza, pintar as unllas, etc. (Isto son ideas, ollo, teñen que pensar os nenos e nenas ideas novas).
- Coas accións que xurdiran na conversa, podemos xogar a imitar en silencio esas accións e que o teñan que adiviñar, por quendas, tanto os nenos/as como a familia.

## PSICOMOTRICIDADE

- **Xogo das estatuas musicais**: poñendo a música da primavera de Vivaldi (<https://www.youtube.com/watch?v=s2lbGix2wtE>), bailamos pola casa, unha persoa para a música e os que bailan terán que quedar como estatuas ata que volva a empezar a música. Tentaremos facer estatuas diferentes cada vez, con posturas divertidas, caras diferentes, etc.